

Foto: Sergio Rodal Cedeira

MAIO 2025

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES



cin**b**io****

A beleza das nanopartículas

A fotografía de maio no calendario do #teamCINBIO está realizada por Sergio Rodal Cedeira, investigador do grupo NanoBioMateriais Funcionais (FunNanoBio). Nela observamos o efecto que produce a dispersión dunha mostra concentrada de nanopartículas de ouro (octaedros) nunha disolución acuosa.



Seminario Leonardo de Souza

O xoves 8 de maio, o Dr. Leonardo de Souza Mesquita, da *Universidade de São Paulo*, ofreceu o seminario "Sustainable Extraction of Bioactive Metabolites Using Eutectic Solvents: Applications for Health" dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis información.](#)



Curso de Citometría

No mes de maio tivo lugar unha nova edición do curso "Introdución á citometría de fluxo", organizado por Mercedes Peleteiro, responsable do servizo de citometría do CINBIO. Os asistentes achegáronse a aspectos relacionados coa citometría analítica e citometría sorting. [Máis info.](#)



Internacionalización

O diario Faro de Vigo fíxose eco da aposta do CINBIO pola internacionalización para facer ciencia de excelencia. Dezaseis nacionalidades conviven nun dos centros máis internacionais da Universidade de Vigo. [Podes ler a nova completa nesta ligazón.](#)



Seminario Fernanda Wariss

O 16 de maio, Fernanda Wariss Figueiredo Bezerra, da *Universidade Federal do Pará (UFPA)*, ofreceu o seminario "Chemical value and biological properties of natural products from Amazonian stingless bees" dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis información.](#)



Pint of Science 2025

O martes 20 de maio, o investigador do grupo de Nanomateriais Biomiméticos do CINBIO, Carlos Renero, participou na X edición da *Pint of Science* coa súa charla "Luces! Cámara! Nanopartículas!", centrada nas nanopartículas e as súas potencialidades no eido da medicina. [Máis información.](#)



STEAM en feminino I

A líder do grupo de Nanomateriais Híbridos do CINBIO, Verónica Salgueiriño, protagoniza un dos vídeos da serie «STEAM en feminino: proxectos que melloran a vida das persoas», no que fala da síntese e caracterización de nanoestruturas magnéticas e a súa aplicación. [Vídeo completo.](#)

MAIO 2025

EMPREN+AP

O pasado 8 de maio celebramos a xornada “Do coñecemento á acción: emprendemento no ámbito académico”.

Durante o acto tivo lugar a presentación do **proxecto EMPREN+AP**, unha iniciativa impulsada pola Unidade de Transferencia e Innovación do CINBIO e que conta coa colaboración da Axencia Galega de Innovación.

É unha das 50 propostas cofinanciadas a través da actual *Convocatoria I+D de ayudas a la experimentación e innovación de políticas públicas* da *Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT)* en colaboración co Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades e a Oficina Nacional de Asesoramiento Científico (ONAC).

EMPREN+AP busca fomentar a cultura da innovación no ámbito académico e estreitar lazos coa administración pública. O seu núcleo principal é un programa de capacitación e o emparellamento entre o persoal investigador do CINBIO e o persoal da Axencia GAIN. [Máis información.](#)



Seminario Jia Min Chin

O 22 de maio, Prof. Jia Min Chin (*Institute of Functional Materials and Catalysis, University of Vienna*), ofreceu o seminario “Structural control of MOF composites for enhanced performances” dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis información.](#)



Programa Nano4Talent

CINBIO lanza o proxecto europeo NANO4TALENT para a atracción de talento nos eidos dos Nanomateriais e a Biomedicina. Ofrecerá un total de 5 prazas postdoutorais de 24 meses de duración cada unha. Con preto de 840.000 euros, prolongarase ata decembro de 2029. [Máis info.](#)




CINBIO no foro CREO2025

CINBIO formou parte de #CREO2025, un evento sobre innovación que reuniu a líderes e empresas que impulsan cambios positivos na sociedade. Miguel Correa participou na mesa redonda sobre tecnoloxía xunto a Luis Pérez Freire, director xeral de Gradient. [Máis información.](#)



Visita do PUM

O 28 de maio recibimos a visita dun grupo de estudantes do Programa Universitario de Maiores da Universidade de Vigo. Acompañados pola súa profesora Mercedes Peleteiro. [Máis información.](#)



STEAM en feminino II

A investigadora do grupo de Nanomateriais Híbridos do CINBIO, Laura Salonen, protagoniza outro dos vídeos da serie «STEAM en feminino: proxectos que melloran a vida das persoas», no que fala do proxecto europeo MemCat. [Vídeo completo.](#)



Seminario Dr. Luis Ángel Fdz.

O 30 de maio, o Dr. Luis Ángel Fernández, do Centro Nacional de Biotecnología (CNB-CSIC), ofreceu o seminario "Synthetic biology of E. coli for cancer therapies and generation of nanobodies". [Máis información.](#)



CINBIO xa está en Bluesky

Podes seguirmos en:

<https://bsky.app/profile/cinbio.bsky.social>

ADIANTO XUÑO 2025

CINBIO SEMINAR PROGRAMME



- Venres 6 de xuño ás 11:00 horas:

Seminario Dr. Luisa Penuela (*PhD. Associate Professor and Associate Chair-Research Department of Anatomy and Cell Biology. Schulich School of Medicine and Dentistry. University of Western Ontario. London, Ontario. Canada*): “Pannexin channel isoforms in cancer signalling”.



- Mércores 11 de xuño ás 11:00 horas:

Seminario Dr. Antonella Bongiovanni (*Cell-Tech HUB at Institute for Research and Biomedical Innovation, National Research Council of Italy (CNR), Palermo, Italy; EVE Biofactory srl, Palermo, Italy*): “Nature’s Nanosecret: Production and Engineering of Microalgal Extracellular Vesicles for Innovative Therapeutic and Cosmetic Applications”.



- Xoves 19 de xuño ás 11:00 horas:

Seminario Dr. Antonio Benayas (*Universidad Autónoma de Madrid, Spain*): “Contactless, remote, non-invasive... sensing?...you tell me! Luminescence (nano)thermometry and manometry as well proven tools for biomedical proof-of-concept(s)”.



- Martes 24 de xuño ás 11:00 horas:

Seminario Dr. Iria Gómez Touriño (*CiMUS, USC*): “Identifying novel antigens in autoimmunity through drug discovery approaches”.



ADIANTO XUÑO 2025

OUTROS SEMINARIOS



- **Seminario #TechLab** | Mércores 25 de xuño ás 11:00 horas

Attune flow cytometers: Carmen Calleja (*Technical Sales Specialist Flow Cytometry*) ofrecerá unha formación sobre os equipos Attune Xenith para análise multidimensional e Attune Cytpix para análise de imaxes.

Máis información e rexistro [aquí](#).


- **Formación transversal** | Xoves 26 de xuño ás 11:00 horas

Seminario Jhoan Toro-Mendoza (*American Chemical Society Publications. Oxford, UK*): “Academy, Industry, & Editorial: Some tips from my journey”.



#teamCINBIO

Son benvidas todo tipo de suxestións e ideas sobre as áreas temáticas das actividades formativas así como propostas de seminarios e clases maxistrals. Igualmente, aquelas persoas que queirades participar presentando a vosa investigación no ciclo “Coñece ao #teamCINBIO”, non dubidedes en facérnolo saber.



cinbio.es

